




CONCELLO
A GUARDA

(PONTEVEDRA)



ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO PLENO DO CONCELLO DE A GUARDA O DÍA 27 DE XULLO DE 2012

Na Casa Consistorial do Concello de A Guarda, sendo as vinte horas do día vinte e sete de xullo do ano dous mil doce, trala correspondente convocatoria, tivo lugar a sesión ordinaria do Pleno deste Concello que foi presidida polo Sr. Alcalde, D. Jose Manuel Domínguez Freitas e contou coa asistencia dos seguintes concelleiros/as:

D^a. M^a Monserrat Magallanes Alvarez
D. Miguel Angel Español Otero.
D. Paulino Rodríguez González.
D^a. M^a Teresa Vicente Baz.
D. Antonio Lomba Baz
D. Manuel Javier Crespo González.
D^a. Carmen M^a Castro González.
D^a. M^a de Fátima Iglesias Ferreira
D. Rafael Pablo Rodríguez Amenedo
D. Antonio Fontenla Martínez
D^a. Hortensia M^a Vicente Santiago
D^a. Hortensia García Díaz
D^a. Beatriz Estévez Álvarez

Non asisten:

D^a. Rosa M^a Pazos Lomba
D. Xan Lois Lomba Alonso

Actúa como Secretaria a da Corporación Dna. Julia M^a Carrasco González-Alegre.

Sendo a hora sinalada, e antes de pasar a tratar os asuntos, o señor Alcalde intervéñe e recorda que se trata do primeiro Pleno que se celebra dende o falecemento do concelleiro don José Vicente Ferreira, Pepe. Di que el tivo a sorte de gozar do seu afecto, igual que os traballadores, funcionarios e concelleiros que o estimaban, pois durante 21 anos estivo dedicado á Corporación, así como á Comunidade de Montes da Guarda. Quere reivindicar a figura de Pepe, cunha vida pública demostrada de entrega e dedicación. Finaliza o señor Alcalde dicindo “*Gracias, Pepe*”, por ser un bo exemplo de traballo e dedicación.

A continuación, en memoria do señor Vicente Ferreira se gardan dous minutos de silencio.

A continuación, pásase a tratar dos asuntos que conforman a orde do día que foron legal e previamente notificados, seguintes


PUNTO 1º.- APROBACIÓN ACTA SESIÓN ANTERIOR (ORD. 01/06/12).

A señora Estévez Álvarez di que non ten nada que dicir.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A señora García Díaz di que votarán a favor.

A señora Iglesias Ferreira di que votarán a favor.

Sometida a votación a **acta de 01/06/2012**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, García Díaz e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

PUNTO 2º.- DAR CONTA DECRETOS.

A señora Estévez Álvarez dase por enteirada.

A señora García Díaz dase por enteirada.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada

PUNTO 3º.- TOMA DE COÑECEMENTO DO FALECEMENTO DO CONCELLEIRO D. JOSÉ VICENTE FERREIRA.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

Habéndose producido o falecemento de D. José Vicente Ferreira, concelleiro do Concello de A Guarda, e a fin de dar cumprimento o disposto no artigo 182.1 da Lei 5/1985 de 19 de xuño, (Lei Orgánica de Réxime Electoral), na súa redacción dada por Lei Orgánica 1/2003 de 10 de maio, segundo o cal, no caso de falecemento dun concelleiro, o seu escano atribuírase o candidato, ou no seu caso, ó suplente da mesma lista a quen corresponda, atendendo a orden de colocación.

Atendendo ó orden de colocación na lista correspondente a candidatura do PP, nas pasadas eleccións locais de 2011, o candidato seguinte resulta ser D. Javier González Verde con DNI nº 76900141D.

Visto o sinalado, propónse ó Pleno:

1º.- Tomar coñecemento do falecemento do Concelleiro D. José Vicente Ferreira.-


2º.- Comunicar á Xunta Electoral Central, que de conformidade co artigo 182.1 da Lei 5/1985 de 19 de xuño, (Lei Orgánica de Réxime Electoral), na súa redacción dada por Lei Orgánica 1/2003 de 10 de maio, o candidato seguinte chamado a cubrir a suplencia de cargo de concelleiro e D. Javier González Verde con DNI nº 76900141D.-

3º.- Remitir certificación deste acordo á Xunta Electoral Central.-



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A Guarda, 6 de xullo de 2012"

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor.

A señora García Díaz di que non ten nada que dicir.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada

Sometida a votación a **proposta**, foi aprobada por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, García Díaz e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

PUNTO 4º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE PERMUTA DO CAMIÑO DAS CACHADAS.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

"PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello da Guarda acordou en data 28 de novembro de 2008 o inicio dos trámites para levar a cabo a permuta dun camiño titularidade do Concello da Guarda por unha parcela titularidade de Imerys Kiln Furniture España, S.A, e sendo asinado Convenio coa citada empresa en data 18 de decembro de 2008, no que o Concello da Guarda se comprometía a tramitar o correspondente expediente de desafectación do camiño público que pasa entre as naves vellas e as naves novas das Cachadas, de propiedade municipal, para a súa posterior permuta por unha parcela titularidade de Imerys Kiln Furniture España, S.A.

CONSIDERANDO que o Pleno do Concello da Guarda acordou en data 5 de xuño de 2009 o inicio do procedemento de desafectación do camiño público antes citado, adoptándose o acordo de desafectación definitiva en sesión plenaria de data 25 de setembro de 2009.

CONSIDERANDO que a realización da permuta se xustifica por razóns de interese público, para impulsar actuacións que redunden no beneficio municipal, mellorando a ordenación dos espazos existentes no contorno da chimenea das Cachadas e o trazado da senda así como pola intención do Concello da Guarda de preservar a cheminea das Cachadas, como mostra do patrimonio cultural e etnográfico da zona


Foron emitidos informes por parte do Arquitecto Municipal e da Secretaria da Corporación, polo que se propón ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:

1.- Permutar o camiño que pasa entre as naves vellas e as naves novas das Cachadas, no Concello de A Guarda, incluído no Inventario de Bens Municipal mediante



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



rectificación puntual de 25 de setembro de 2009, e inscrito no Rexistro da Propiedade de Tui (Tomo 1243, Libro 143, Folio 169, data 29/02/2012) coa parcela titularidade de Imerys Kiln Furniture España, S.A, na que se atopa a Cheminea das Cachadas, inscrita no rexistro da Propiedade de Tui como parcela nº 9.944. (Tomo 1243, Libro 143, Folio 14, data 30/06/2011).

2.-A diferenza do valor dos inmobles obxecto de permuta no apartado anterior é de 1,487%, polo tanto inferior ó 40% admisible.

3.- Dar conta da permuta ó órgano competente da Xunta de Galicia.

4.- Notificar o presente acordo ós interesados, cos recursos que procedan.

**A Guarda , 22 de xuño de 2012
O Alcalde**

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez Álvarez di que non consideran beneficiosa a permuta para o pobo e no informe de urbanismo non se fala do estado da chimenea, polo que votarán en contra.

A señora García Díaz di que recoñecen que nun principio lles pareceu unha boa idea, para protexer a chimenea, se ben entenden que non se fixo ningunha xestión con outras instancias para declarar o ben a conservar ou tratar o seu mantemento e conservación. Di que no novo PXOU se podería incluír como ben a conservar, pero descoñecen os gastos que pode supoñer o seu mantemento así como cál o seu estado actual. Votarán en contra.


A señora Iglesias Ferreira di que teñen un informe técnico sobre as circunstancias físicas dos inmobles, tanto da camiño das Cachadas como da parcela número tres; tamén teñen o informe xurídico, o certificado de Rexistro, e a proposta da Alcaldía. Tamén se xustifica que a diferenza de valor dos inmobles permite esta permuta, pero dende o PP queren deixar constancia de que o Concello terá que urbanizar o novo camiño, o que suporá un gasto, e terá que correr cos gastos deste ben patrimonial, e botan en falta algo fundamental, que é coñecer o estado no que se atopa este ben, o que consideran imprescindible, xa o manifestaron na Comisión de Asuntos Plenarios. Por este motivo, non apoian a proposta.

Intervén o señor Español Otero e di que basta recordar os discursos anteriores neste asunto do BNG e do PP, incluso o concelleiro de patrimonio dicía que había que facer da chimenea un museo cerámico. Di que a empresa ía tirar a chimenea e o GMS presentou unha moción para a súa protección, e instou ó anterior equipo de goberno a que evitaran que se tirara, o cal tivo unha boa acollida polos grupos, incluso o BNG dicía que había que tratar de conservar outras chimeneas existentes no Concello. En relación co informe sobre o seu estado, pregunta se alguén ten datos sobre a existencia de posibles danos, pois ninguén o puxo de manifesto, e o feito de que estea nun mal estado de conservación non impide que se protexa. Pensa que a medida que pasen os anos se deteriorará, como moitos edificios, e se solicitarán as axudas necesarias, pero negar o seu valor simbólico é negar unha evidencia. Se trata de permutar un camiño para permeabilizar a entrada e permitir visitar a chimenea. Non teñen



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



evidencias de que teña eivas ou problemas de construción, cren que a permuta beneficia ó pobo, pois se trataba dun camiño que non se usaba como tal, e non se visualizaba a separación entre a nave e o espazo público, polo que están convencidos de que van facer algo bó para o conxunto.

A señora García Díaz di que para ver a chimenea pode ser que non sexa necesaria a permuta, parecélles unha boa idea ó principio, pero non se acudiu a outras instancias para solicitar axuda para a súa conservación, e pensa que deben cuidala ós seus propietarios.

O señor Español Otero di que a intención dos propietarios era tirala, pois no primeiro proxecto se recollía o derrubamento da mesma.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, e Castro González, (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. García Díaz e Estévez Álvarez (dous votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, e Vicente Santiago, (catro abstencións).

PUNTO 5º.- PROPOSTA DA ALCALDÍA DE RESOLUCIÓN DO CONTRATO DE XESTIÓN DA CAFETERÍA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DO PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

CONSIDERANDO que mediante acordo plenario de data 1 de xuño de 2012 se acordou iniciar o expediente de resolución do contrato de instalación e explotación dos servizos de cafetería na Estación Marítima de A Pasaxe, e proceder á incautación da garantía definitiva presentada pola adxudicataria, que ascende a 4.896 euros en concepto de indemnización polos danos e perxuícios ocasionados, así como outorgar audiencia por prazo de dez días naturais á contratista e á entidade avalista

Tendo en conta que non se formulou oposición ó citado acordo por parte da contratista e da entidade avalista, polo que se entende que non se opoñen á resolución.

CONSIDERANDO que o órgano de contratación foi o Pleno da Corporación, corresponde a éste acordar a resolución do contrato


Propónse ó Pleno a adopción do seguinte **ACORDO:**

1.- Resolver o contrato de instalación e explotación dos servizos de cafetería na Estación Marítima de A Pasaxe, e incautar a garantía definitiva presentada pola



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



adxudicataria, que ascende a 4.896 euros, en concepto de indemnización polos danos e perxucios ocasionados, quedando obrigado o avalista a ingresar en metálico a cantidade garantizada no prazo establecido para os ingresos en período voluntario, contados a partir do recibo da notificación, e se non o ingresara no devandito prazo, procederase o seu cobro pola vía de apremio dirixida contra a Entidade Bancaria.

2.- Notificar o presente acordo ós interesados, cos recursos que procedan.

A Guarda , 22 de xuño de 2012

O Alcalde

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas”

A señora Estévez González di que están de acordo coa incautación do aval e o inicio de cobro das débedas pendentes.

A señora García Díaz di que o asunto se levou de forma irresponsable, cunha mala xestión do equipo de goberno, que conlevou perda de cartos. Non van entorpecer o proceso, se van abster, pero piden máis dilixencia no futuro.

A señora Iglesias Ferreira di que o contrato debe resolverse, non porán impedimentos.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, e Castro González, (oito votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, García Díaz e Estévez Álvarez (seis abstencións).

PUNTO 6º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE INICIO DE CONTRATACIÓN DA XESTIÓN DA CAFETERIA DA ESTACIÓN MARÍTIMA DO PASAXE.

O señor Alcalde da conta da seguinte proposta:

“PROPOSTA DA ALCALDÍA

(PROVIDENCIA DE INICIACIÓN)


Vista a memoria da concelleira delegada en relación coa contratación da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, e resultando de gran interese a prestación deste servizo

Propoño ó Pleno a adopción do seguinte ACORDO:



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



1.- INICIA-LA contratación do da xestión do servizo de explotación da cafetería da Estación Marítima do Concello da Guarda mediante un contrato de xestión de servizos públicos, a través de concesión, por procedemento aberto, cunha duración de 16 anos, e un canon anual de 7.000 euros

A contratación é necesaria para os fins de levar a cabo a instalación, explotación e posta en funcionamento do establecemento destinado a cafetería na Estación Marítima de Pasaxe, no Concello de A Guarda, que asumiu a súa explotación e o custo da conservación, mantemento e, no seu caso, mellora, mediante a licitación, contratación e execución das obras necesarias a tal efecto, en virtude de Convenio entre o Concello de A Guarda e o Ente Público Portos de Galicia para o mantemento, conservación e explotación da Estación Marítima de A Pasaxe en data 9 de xuño de 2004, o cal xustifica a súa contratación.

2.- Solicitar a emisión de informes por parte dos servizos económico e xurídicos municipais, así como a redacción dos pregos de cláusulas técnicas e económico-administrativas particulares que debe servir de base para a adxudicación do contrato.

**A Guarda, 2 de xullo de 2012
O Alcalde**

Asdo. José Manuel Domínguez Freitas"

A señora Estévez Álvarez di que votarán en contra, e o motivo é un canon de 7000 euros, que se incrementa respecto do anterior nun momento de crise económica, e tendo en conta a traxectoria do anterior adxudicatario, non entenden o aumento do canon. Di que a memoria da concelleira o xustifica nas melloras efectuadas na Docas, e xa que se aumenta o canon por ese motivo, pregunta se o contrato se modificará en caso de avería ou se deixa de funcionar o ferri.

A señora García Díaz di que cos cambios e bandazos da situación económica, o canon pode ser inasumible, ou incluso pode ser que a economía mellore. Explica que o prazo de duración parécelles excesivo, tendo en conta as dificultades do anterior adxudicatario, sen olvidar os paróns do ferri. Se van abster, pois se hai alguén interesado se pode reanudar o servizo de cafetería, e se non aparece ninguén, que se se teña en conta.


A señora Iglesias Ferreira di que seguir o procedemento é importante, a contratación está xustificada, non van poñer impedimentos, e se o equipo de goberno considera que é momento de subir o canon e hai persoas interesadas, pois adiante. Saben que o incremento pode ser excesivo, pero o importante é que funcione a cafetería e cobrar. Se van abster.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que no prezo hai unha pequena diferenza co anterior, pois o canon viña do ano 2005, e houbo unha evolución de prezos; ademais, nas instalacións se fixeron melloras que o novo adxudicatario xa non terá que acometer. Consideran suficiente o canon, de acordo co prezo de mercado e para non incorrir en competencia desleal. Di que se fixarán uns pregos que se someterán ó Pleno e se abrirá un proceso de licitación.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Alcalde engade que o prazo de duración está relacionado coa vixencia do Convenio con Portos.

O señor Español Otero di que se o canon lles parece excesivo non pode parecer excesivo o prazo, posto que o servizo debe poder ser rentable para quen opte ó mesmo.

Sometida a votación a proposta foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, e Castro González, (oito votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sra. Estévez Álvarez (un voto en contra).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, e García Díaz (cinco abstencións).

PUNTO 7º.- DAR CONTA DA SENTENCIA TSXG NO RECURSO DE APELACIÓN 4598/2011 SOBRE URBANIZACIÓN INGUIEIROS.

O señor Alcalde da conta da sentenza do TSXG no recurso de apelación 4598/2011 sobre a urbanización de Inguieiros, explicando que a primeira sentenza do Xulgado Contencioso-Administrativo foi favorable ó Concello, e tra-ala apelación do particular, o TSXG fallou en contra do Concello, cun voto discordante dun dos maxistrados. Se discutía se o vial tiña que ter 7 ou 8 metros, a proposta era facelo de 7 metros, sen menoscabo dos retranqueos a 4 metros do eixo que deberían facer os propietarios cando se deran licencias.

(Sae o señor Crespo González, 20:35 horas)

O señor Alcalde continúa e da lectura ó informe do letrado municipal:


“ASUNTO: Comunicando la sentencia dictada el 24 de Mayo de 2012 por el Tribunal Superior de Justicia de Galicia en el recurso de apelación nº 4598/2011 entablado por D. BERNARDO BAZ VELASCO contra la sentencia del Juzgado de lo Contencioso-Administrativo nº 2 de Pontevedra de fecha 29 de Julio de 2011 dictada en los autos del recurso contencioso-administrativo nº 354/10 entablado por el citado señor contra la resolución desestimatoria presunta del recurso de reposición del 8 de Febrero de 2010 contra el acuerdo del Pleno del Ayuntamiento de A Guarda del 30 de Diciembre de 2010 por el que se aprobó el modificado de proyecto de urbanización de al calle Inguieiros .

La Sala de lo Contencioso-Administrativo del Tribunal Superior de Justicia de Galicia ha dictado la sentencia de referencia, cuya copia se adjunta, estimando el recurso de apelación entablado por el Sr. Baz Velasco y, en consecuencia, estimando el recurso contencioso entablado por el citado recurrente contra la desestimación del recurso de reposición entablado contra aquel acuerdo plenario .



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Pues bien, si bien inicialmente la sentencia apelada había considerado que el acuerdo recurrido se ajustaba a derecho, puesto que consideraba que el proyecto de urbanización no alteraba el ancho de la calle de 8 metros previsto en el Plan General, al tratarse de un proyecto de obras que contemplaba la posibilidad de que a medida de que fuesen solicitando licencia los colindantes con la calle se les obligaría a ceder terreno para alcanzar esos 8 metros. Sin embargo, la Sala de una forma muy restrictiva, interpreta que la calle tal como está conreplada en el proyecto es una calle distinta de la prevista en el Plan, pues no solo varía su anchura sino también su eje, llegando a decir que en el futuro cuando los colindantes construyan tendrán que efectuar bien un tramo de acera de un metro más, con lo cual la acera de un lado tendrá dos metros de ancho y del otro lado un metro, lo que determina que no se ajustará a lo previsto en el Plan, añadiendo que para respetar lo planificado tendrá que ampliarse la anchura de la calzada y destruirse la acera de la derecha a fin de que el eje de la calzada sea el previsto en el Plan, lo que evidencia que el proyecto contradice las determinaciones al trazar una calle de 7 metros de ancho. Tal argumentación contenida en la sentencia, a juicio del que suscribe, resulta totalmente inadmisibile, porque ni fue invocada por la parte recurrente, ni en el Plan General se contempla como determinación de las calles la anchura de las aceras ni el eje de las mismas. No obstante, como la sentencia no es susceptible de recurso alguno, es por ello que hay que acatarla y cumplirla.

A la vista de esos hechos sucedidos y dado que la sentencia es firme por no haber contra ella recurso alguno, habrá que analizar la forma de actuar del Ayuntamiento, para lo cual entiendo que para su cumplimiento basta con darse por enterada de su contenido y dejar en suspenso el expediente que conllevaba el proyecto de urbanización anulado. Asimismo, para retomar dicho expediente y que fuese viable habría que contemplarse en el proyecto una calle, que aunque su ancho fuese inferior a 8 metros, no supusiese una alteración de su eje y que la anchura de las aceras fuese proporcional, esto es, en el tramo de 7 metros debería contemplar solamente la acera por uno de sus lados, con la previsión de que cuando se urbanizase por el otro lado se hiciese una acera de la misma anchura que la del otro lado y que se respetase el eje de la calle, que, en este caso, estaría a 4 metros de cada lado.

Por consiguiente, se formula a la Junta de Gobierno la siguiente PROPUESTA:

Que se de por enterada del contenido de la sentencia que se comunica aceptando la anulación decretada en la sentencia, dejando el expediente paralizado y si se decide retomarlo que se proceda a la modificación del proyecto en la forma indicada anteriormente. . No obstante, la Junta de Gobierno acordará lo que estime oportuno."

(Regresa o señor Crespo González, 20:37 horas)

A señora Estévez Álvarez dase por enterada.


A señora García Díaz dase por enterada e pregunta qué pasará agora.

O señor Español Otero explica que se terá que modificar o proxecto ou incluílo no PXOU, cre que o propósito de todos os grupos é que esa rúa culmine o seu trazado. Non comparte a sentenza, pois o PXOU marca 8 metros cando a realidade é que o tramo feito ten sete metros, polo que é imposible facelo de oito metros. Di que puido haber un erro no PXOU



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



do ano 1993, e terá que haber solucións no novo PXOU, ou adecuar á realidade de sete metros o novo Plan.

A señora Iglesias Ferreira dase por enteirada

PUNTO 8º.- MOCIÓN

RE 4.519 DO BNG: Supresión do copago farmacéutico ás persoas pensionistas.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN PARA A SUPRESIÓN DO COPAGO FARMACÉUTICO ÁS PERSOAS PENSIONISTAS

I-Exposición de motivos:

O pasado 1 de xullo entrou en vigor o novo copago farmacéutico imposto polo Goberno do Estado que incorpora ao copago a máis de 725.000 pensionistas e aumenta a aportación de centos de miles de persoas activas.

O copago farmacéutico é un sistema inxusto e insolvente. Quedan fóra de financiamento medicamentos fundamentais que non teñen alternativa en Galiza, nin nas farmacias nin nas distribuidoras. Persoas con tratamentos crónicos deixaron de retirar a súa medicación pola imposición deste copago.

As persoas obrigadas ao copago farmacéutico poideron xa comprobar desde un primeiro momento como a realidade do recorte as afectaba gravemente. De feito pensionistas con persoas que dependen da súa cartilla, teñen que soportar un duplo ou triplo tope de 8 ou 18 euros. Ademais existen reclamacións sobre as novas porcentaxes aplicadas a persoas activas que merecen a desatención do SERGAS e obrigando ás persoas doentes a que reclamen na Seguridade Social.

Para xustificar todo isto falan do destino destes cartos para a construción de novos centros sanitarios, pero a realidade a falta de persoal sanitario para atender dignamente os centros que existen. Están a vender a ilusión de novos centros de saúde no futuro coas pensións das persoas xubiladas e viúvas enfermas.


Esta medida non se implantou por igual en todo o territorio do Estado xa que algunhas comunidades autónomas elaboraron normativas propias grazas ás competencias que teñen atribuídas, compensando esta medida tan lesiva e evitando que as persoas pensionistas vexan reducidas as súas pensións polo feito de ter enfermidades, obrigadas a contribuir á rebaixa do déficit do Estado ou para colaborar no pago do rescate á banca privada española.

O Goberno galego ten as mesmas competencias e a mesma capacidade para evitarlle ás persoas enfermas e pensionistas que residen en Galiza este recorte dos seus ingresos,



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



pero o goberno do PP na Xunta toma a decisión de non facelo, para non ser un problema para Madrid, xa que prefire ser un problema para as persoas pensionistas de Galiza.

Queremos outra xestión sanitaria, que non se centre en recadar das persoas enfermas senón en atendelas dignamente, nunha sanidade que sexa un elemento de redistribución de riqueza e que sexa financiada suficientemente dende os impostos. O Goberno galego está a tempo de rexeitar estas medidas retrógradas e insolventes impostas polo PP dende o Goberno do Estado.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a desenvolver unha normativa propia, en virtude das competencias sanitarias que lle atribúen as leis galegas e o Estatuto de Galiza, que reduza o impacto da medida imposta polo Goberno do Estado nas economías familiares galegas e suprima o copago farmacéutico para as persoas pensionistas.”

A señora García Díaz di que queda claro que o BNG está en contra do copago farmacéutico, e queren que a Xunta o suprima.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo con que o copago é inxusto, discrimina ós máis débiles, como son maiores, pensionistas e enfermos, polo que votarán a favor da moción.


A señora Iglesias Ferreira di que nestes momentos, defender medidas que impoñan custes ós cidadáns non é fácil, di que o fondo da moción é entendible, pero non poden estar de acordo en que se trate dun sistema inxusto e insolvente, cren que as medidas que se toman son xustas, equitativas e solidarias nos tempos que atravesamos. Di que as medidas van tratar de favorecer un consumo racional de medicamentos; van facilitar que os que menos teñan menos teñan que pagar; e contribuirán á sustentabilidade e viabilidade futura do sistema. Di que nestes momentos deben remediar a débeda que existe no sistema sanitario no tema dos medicamentos, eles pretenden garantir a sustentabilidade do sistema sanitario español, saben que hai reclamacións, isto é normal cando se adopta unha medida, que pode ter algún fallo, se está traballando nelas. Pero non poden dicir que é inxusto que unha familia desempregada non pague os medicamentos; nin poden dicir, nestes momentos de crise, que as rentas altas paguen máis, como sucede tamén coas pensións altas. Pensa que se trata dunha medida xusta en tempos de crise.

O señor Español Otero di que está de acordo coa moción, e habería moito que dicir sobre o argumentario do PP, e hai que engadirlle que non se denuncia a cantidade de especialidades farmacéuticas que se retiraron da Seguridade Social que encarecen o pago. Di que hai uns tramos entre 18.000 e 100.000 euros nos que as diferencias son enormes, e algo que non se explica baixo ningún concepto, porque se puidera entender que en función de tramos se impuxera o pago, de acordo co nivel de renda, pero todo aquel que pase de 18.000 euros vai pagar o mesmo por medicamentos que o que gaña 100.000 euros. Os pensionistas con pensión alta cotizaron toda unha vida cun porcentaxe alto, e explica que diariamente hai persoas que chegan ó Concello “descolocadas”, cunha pensión de 480 euros e que lle “sacuden” 18 euros mensuais.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Intervén o señor Fontenla e di que iso non é así, son ata 8 euros, e as non contributivas non pagan.

Continúa o señor Español Otero e di que se devalúa a súa calidade de vida dunha maneira impresionante. Pensa que sería máis xusto sacar de onde máis hai, pois a desculpa é o uso racional dos medicamentos, pero se poderían facer controles para iso, non pode escoitar que a medida é xusta, pois se trata dunha inxustiza, e pon o exemplo dunha familia cunha nena que debe medicarse toda a vida, que pasou de pagar 61 a 80 euros. Sabe que este Pleno non vai resolver nada, serán outros entes os que deban facelo, pero unha cousa é a defensa dun argumentario e outra a contestación social, pois a realidade vai ser moi cruda, a xente o está pasando moi mal, e o PP deberá empezar a tomar nota, pois a realidade social se lle vai a impor por encima dos acordos que se adopten nestes momentos, que na súa opinión son totalmente inxustos.

A señora García Díaz di que dende o BNG non se da unha opinión, senón que se está describindo unha realidade, o BNG o está vendo na rúa e parece que o PP vive noutro país.

A señora Iglesias Ferreira di que antes de establecer estes tramos pagaban todos igual, incluso os que estabn parados; nesta cuestión, este reparto lle parece máis xusto. Di que é unha medida que adopta o PP, pero hai máis responsables.

O señor Español Otero di que esta discusión poderían tela en calquera outro lugar, porque desgraciadamente non van resolver nada, pero quere deixar claro que a el dalle igual que llo regalen ós que gañan 100.000 euros, que nos lles importa, pero ás rentas baixas sí lles importa que lle cobren un 10% máis.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (catro votos en contra).

RE 4.619 DO BNG: Revisión do acordo de exención do pagamento do imposto sobre bens inmobles por parte da igrexa católica, ou compensación en tanto non se producir a revisión.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:


“MOCIÓN RELATIVA Á REVISIÓN DO ACORDO DE EXENCIÓN DO PAGAMENTO DO IMPOSTO SOBRE BENS INMÓBEIS (IBI) POR PARTE DA IGREXA CATÓLICA, OU COMPENSACIÓN EN TANTO NON SE PRODUCIR A REVISIÓN

1-Exposición de motivos:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



En función dos acordos subscritos entre o Estado español e a Santa Sede en 1976 e 1979, a Igrexa Católica conserva varios privilexios, impropios dun Estado que se declara aconfesional. Parte destes privilexios son de carácter económico, o que supón que a Igrexa Católica goce dun financiamento e condicións económicas excepcionais. Así, obtén financiamento directo mediante o IRPF e está exenta do pago de varios impostos. Entre eles, goza dunha exención no pagamento do IBI por todos os bens inmóbeis que posúe, tal e como contempla a letra c) do primeiro punto do artigo 62 do "Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais", unha exención que se estende tamén a outras asociacións confesionais non católicas.

Na situación actual de grave crise económica, cunhas consecuencias que están a repercutir en toda a poboación, que sofre recortes laborais, sociais e económicos, e que debe cumprir coas súas obrigas tributarias, resulta incomprensíbel -tendo en conta ademáis a delicada situación financeira no ámbito local- que a Igrexa Católica teña o privilexio de non tributar aos concellos polo seu enorme patrimonio, ao tempo que percibe financiamento directo e subvencións para a conservación e mantemento dos seus fondos patrimoniais. Nun informe de 2010, a Dirección Xeral do Catastro daba cifras do patrimonio estritamente relixioso da Igrexa católica en Galiza: 7.691 inmóbeis e un valor catastral de 426 millóns, cantidade que non repercute nos orzamentos municipais.

É necesario repartir con xustiza os custos e esforzos da crise, tamén no ámbito fiscal. Neste sentido, o BNG ten demandado en numerosas ocasións a necesidade de acometer unha reforma fiscal que acentúe o carácter progresivo do sistema, de xeito que se incremente a equidade e a xustiza do mesmo, ao tempo que permita incrementar os ingresos públicos, gravando con maior progresividade as rendas de capital ou os grandes beneficios empresariais, así como a creación dun imposto sobre as grandes fortunas.


Xusto o contrario do que realizaron os últimos gobernos do Estado, cuxa política fiscal é regresiva, e afecta a quen ten menos recursos. O Goberno do PSOE incrementou o IVE, mentres que unha das primeiras medidas do Goberno de Rajoy foi precisamente incrementar o IBI, nalgúns concellos ate o 10%, e o IRPF (Real Decreto - Lei 20/2011), mentres que na Xunta de Galiza, Feijoo esqueceuse da súa promesa de rebaixar o IRPF.

O BNG vén reclamando dende fai tempo tanto a revisión dos Acordos coa Santa Sede como, nomeadamente, a supresión da exención do pago do IBI por parte da Igrexa. Son numerosas as iniciativas que o BNG vén levando a cabo neste sentido. A instancias do BNG, en marzo deste ano debateuse no Congreso dos Deputados unha proposición non de lei que instaba ao goberno a revisar os acordos coa Santa Sede para adecualos ao carácter aconfesional do Estado Español. Esta iniciativa foi rexeitada cos votos en contra de PP e CiU. Tamén en marzo, o BNG rexistrou no Congreso unha proposición non de lei na que demanda á Igrexa Católica o pago do IBI polos bens inmóbeis que posúe, unha iniciativa que aínda non foi debatida.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



É tempo de corrixir esta situación e de rematar con privilexios que resultan discriminatorios para a maioría da poboación que sofre consecuencias graves polas políticas de recortes nos servizos públicos, por parte dos gobernos da Xunta de Galiza e do Estado, mentres debe seguir a pagar os seus impostos.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

1.- Instar ao Goberno do Estado a revisar e modificar os acordos internacionais asinados coa Santa Sede en 1976 e 1979, para adecuarse ao carácter aconfesional do Estado español, e que supoñan a supresión dos privilexios dos que goza a Igrexa Católica no Estado e nomeadamente permita a suxeición ao IBI do seu patrimonio.

2.- Mentres non se leve a cabo a revisión contemplada no primeiro punto, negociarase coa Igrexa católica unha compensación aos Concellos por estar exenta do pagamento do IBI.

3.- Instar ao Parlamento de Galiza e á Xunta de Galiza a que fagan propios os punto anteriores, e xa que logo, insten ao Goberno do Estado a suprimir os privilexios dos que goza a Igrexa Católica e mentres non se leve a cabo, soliciten da Igrexa Católica unha compensación aos concellos galegos.

4.- Instar ao Goberno municipal a realizar un censo municipal dos inmóbeis pertencentes á Igrexa Católica e a outras confesións relixiosas.”

A señora García Díaz di que cren necesario derogar este privilexio.

A señora Estévez Álvarez di que está de acordo en que todas as institucións teñen que pagar taxas e prezos públicos de todos os bens que teñan en calquera pobo, polo que o IBI deberá pagarse por todos, non só pola Igrexa, senón que debería esixirse ó goberno estatal e autonómico que paguen polos bens que teñen en cada pobo.

A señora Iglesias Ferreira di que o Estado Español ten acordos similares tamén coa Igrexa Evanxélica, coa Comunidade Israelita e coa Islámica. Explica que a regulación das exencións tributarias á Igrexa católica, ás ONG, partidos políticos ou entidades sen ánimo de lucro son competencia estatal. Consideran que a labor social da Igrexa xustifica a redución que comparten outros beneficiarios. Respectan que se deixe en mans de cada Concello a decisión de cobrar IBI ou non ós bens da Igrexa Católica que non son lugares de culto e non están suxeitos á exención de pago, pois a autonomía local non pode ser vulnerada neste caso.


A señora Magallanes Álvarez de que está de acordo co contido da moción, sería discutible o que acaba de dicir a voceira do PP, recorda que Cáritas apoiaba que nestes momentos duros se aplique o IBI tamén ás propiedades que poida ter calquera relixión.

A señora García Díaz di que proposta é razoable, poderían discutir a exención de edificios con fins sociais, como comedores, pero non edificios con fins lucrativos, como hoteleiras ou residencias, cando hai familias pasando necesidades que cumpren religiosamente.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Español Otero di que é sorprendente que o PP comparta a tesis da FEMP ou da FEGAMP, en canto a que sexa cada Concello o que decida cobrar ou non, con todas as medidas de intervencionismo que están aplicando para todo nos Concellos, pensa que non é creíble.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, e García Díaz (nove votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (catro votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).

(Saen os señores Español Otero e Lomba Baz, 21:07 horas)

RE 4.620 DO BNG: Sobre o sistema financeiro galego

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN SOBRE SISTEMA FINANCIERO GALEGO

1-Exposición de motivos:

O rescate ao Estado español por valor de 100.000 millóns de euros vai ter un beneficiario -a banca privada, que poderá pagar as súas débedas e sanear os seus balances- e unha vítima ben evidente -as maiorías sociais e os pobos, a comezar por Galiza- que somos os paganos da operación e os que teremos que pagar a factura en forma de novos recortes, máis desemprego e do deterioro da nosa calidade de vida, xa que o rescate contará con condicións que afectarán dramaticamente o benestar social, tal e como aconteceu nos anteriores rescates no ámbito da UE: Grecia, Portugal e Irlanda. Isto é, máis recesión, máis paro e máis desigualdades sociais.


O Goberno español non ten lexitimidade democrática para adoptar a decisión de solicitar o rescate, xa que ninguén o votou para facer iso. É necesaria a democracia e a transparencia. É necesario un debate social moi profundo sobre o rescate e as súas terribéis consecuencias para as maiorías. O rescate financeiro previsto é unha decisión transcendental para o noso futuro, polo que debe ser a sociedade a que decida a súa conveniencia. É preciso, polo tanto, a convocatoria dun referendo sobre o rescate.

O rescate é duplamente negativo para Galiza porque non só vai castigar as súas maiorías sociais, senón porque destruírá o sistema financeiro galego. A Unión Europea condiciona o rescate a unha nova rolda de fusións no sistema financeiro, que probabelmente se traducirá na absorción de Novagalicia Banco (NGB) por parte de



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



bancos privados de maior dimensión e sen vinculación con Galiza. O BNG sempre defendeu a necesidade dunha banca pública como instrumento imprescindible para asegurar o crédito que o tecido produtivo e social precisa. Porén, non podemos avalar un proxecto que suporía a definitiva expatriación do aforro galego depositado en NGB. Mais outra volta, o noso aforro serviría para desenvolver outros territorios. Galiza ficaría sen capacidade de decisión ningunha sobre unha entidade que xestiona o 40% do negocio financeiro do noso país.

Galiza ten dereito a preservar un sistema financeiro propio. Así, demandamos que NGB, se converta nun banco público galego, coa transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB ostenta na actualidade no capital de NGB. O impulso a unha banca pública galega é unha ferramenta que permitirá avanzar na soberanía financeira de Galiza, en tanto que dota aos galegos e galegas dun instrumento para orientar os nosos aforros e investimentos.

Ademais, en contra da crenza fomentada por determinados creadores de opinión e do propio Presidente da Xunta de Galiza, Núñez Feijoo, a banca pública é un instrumento plenamente vixente, que existe nunha grande variedade de países, como en 32 países europeos ou nos Estados Unidos, e vén desempeñando un papel fundamental en favor do desenvolvemento e da estabilidade económica dos mesmos. Da análise das diferentes experiencias de banca pública, constátase o seu impacto positivo sobre a economía e os sectores produtivos. Alí onde existe banca pública existe un forte tecido industrial, mentres que son excepcionais os casos onde existe unha forte presenza do sector industrial sen o apoio dunha banca pública.

O rescate pon ademais en risco os postos de traballo de milleiros de persoas nas entidades financeiras, debido ás condicións impostas para o citado rescate aos bancos do Estado español. Nomeadamente, é necesario demandar do presidente da Xunta que actúe e non tolere máis despedimentos en Novagalicia Banco, que tamén suporían unha merma na atención aos clientes da entidade e a desaparición de múltiples sucursais que atenden sobre todo no mundo rural.


A enorme desfeita que provocou o rescate ten culpábeis con nomes e apelidos. É preciso depurar as súas responsabilidades, e xa que logo, que se constitúan as comisións de investigación que o BNG leva pedido quer no Congreso quer no Parlamento Galego. Trátase dunha estafa xigantesca, que se está levando por diante o traballo e o benestar social de millóns de persoas. Esta estafa debe ser investigada, xulgada e penada polos tribunais de xustiza.

Por último, e ligado tamén ás prácticas fraudulentas do sistema financeiro, miles de clientes galegos de entidades bancarias, aconsellados polos directores das oficinas, investiron os seus aforros en instrumentos financeiros complexos e opacos, nomeadamente en preferentes. En contra do que naquel momento se lles indicou, estes aforradores e aforradoras vense agora na imposibilidade de recuperar os cartos investidos en tanto estes instrumentos non sexan vendidos no mercado de activos financeiros, a un prezo que, caso de haber compradores, será inferior ao seu valor nominal.



**CONCELLO
A GUARDA**

(PONTEVEDRA)



Tal é o caso de miles de clientes de NGB que no seu momento adquiriron participacións preferentes, sen que por parte da entidade se cumprise coas obrigas establecidas na normativa MIDIF de protección dos consumidores e consumidoras de produtos financeiros, que no caso dos clientes minoristas se concretan na realización de test personalizados de conveniencia e de idoneidade antes da contratación de calquera produto financeiro co fin de asegurar que este responde ás necesidades e ás características do cliente. Así, é preciso demandar das institucións públicas responsábeis unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes, de xeito que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Caliza a promover a creación dunha banca pública galega, nomeadamente a partires da conversión de NGB nun banco público galego mediante a transferencia aos poderes públicos galegos da participación que o FROB detenta no capital de NGB.

Solicitar a celebración dun referendo vinculante sobre o rescate da Unión Europea á banca española.

Instar á Xunta de Galiza a promover, no seu ámbito de competencias, e a demandar do Goberno do Estado Español, unha solución inmediata para as miles de persoas afectadas pola fraude das preferentes que lles permita recuperar o 100% do nominal dos títulos subscritos.

Demandar da Xunta de Galiza que garanta os postos de traballo en Novagalicia Banco, así como a que asegure unha adecuada atención aos clientes da entidade.

Demandar a creación de comisións de investigación no Parlamento de Galiza e no Congreso dos Deputados para que se esclarezan responsabilidades na fraudulenta xestión que propiciou a actual situación das caixas e da banca.

Comunicar o presente acordo ao Presidente da Xunta de Galiza, Presidente do Goberno do Estado e grupos parlamentares do Parlamento de Galiza.”

(Regresan os señores Español Otero e Lomba Baz, 21:10 horas)


A señora García Díaz di que a crise actual é unha crise financeira, e o que debe reformarse é o sistema financeiro.

A señora Estévez Álvarez di que comparten a creación dunha banca galega e a solución inmediata do problema das preferentes e que os afectados recuperen a totalidade do capital máis os intereses, polo que votarán favor, pois sempre saen perxudicados os cidadáns de a pe, e nos os que dirixen o país.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A señora Iglesias Ferreira di que existen diferencias entre os rescates de Grecia, Portugal ou Irlanda, e o crédito europeo á banca española, dirixido á entidades bancarias que o requiran, e que serán elas mesmas as que asuman as condicións que se lles impoñan. En relación coa celebración do refrendo, di que non hai un marco xurídico que o ampare. En canto ás actuacións do goberno galego no tema do fraude das preferentes, remítese ó acordo unánime adoptado no Parlamento Galego, así como ó texto conxunto aprobado nun Pleno extraordinario do Concello da Guarda, e di que o PP non mudou de postura, polo que non lle parece de recibo que o BNG pretenda simular o papel de que só eles abogan porque as persoas afectadas recuperen o cen por cen do capital. Di que a unanimidade acordada na primeira institución de Galicia demostra que este asunto non se pode intoxicar, nin se pode enganar á xente. Polo que se refire á creación dunha Comisión de Investigación, explica que o PP rexistrou hoxe unha petición de Pleno extraordinario para iniciar esta Comisión. Finalmente, en canto ó mantemento dos postos de traballo, debe remitirse á entidade bancaria, e non á Xunta de Galicia.

Intervén o señor Español Otero e diríxese á señora Iglesias Ferreira dicindo que non se lle pode contar a ninguén que o rescate á banca non vai ter custes, pois non pode ser que se esten pagando uns custes dun rescate á banca, igual que países que sí foron rescatados na súa totalidade. Di que o goberno de España agora está tutelado por Europa, e pensa que as medidas do goberno actual en parte son ideolóxicas e outras as impón Europa. Di que se o señor Gayoso estivo corenta anos na entidade e di que non se enterou de nada, eles non saben se a creación dunha banca pública galega sería bo, o GMS non da visualizado se esa medida, que entende que é ideolóxica e nacionalista, sería boa para a cidadanía. Sinala que o que aportou o FROB non foi suficiente, e como non veñan eses cartos igual desaparece o banco. Atopa unha contradición entre os puntos primeiro e segundo, porque se non hai rescate non hai cartos, e no habería posibilidade desa hipotética banca pública galega. En relación co punto terceiro, o GMS está de acordo, xa puxeron de manifesto a súa postura, pois se trata dunha estafa. En canto o punto cuarto, se lle demandan á Xunta de Galicia de algo servirá, pois xa tomou decisións noutras ocasións. Están de acordo cos puntos quinto e sexto, ninguén debería opoñerse. Piden que a moción sexa votada por puntos.

A señora García Díaz di que o único que pretende o BNG é reformar o orixe do problema, e non ve que a creación dunha banca pública galega sexa nacionalista, pon exemplo doutros países onde existe banca pública, como o caso de Alemania, contestando o señor Español Otero que o que o BNG propón propón é a creación dunha banca pública “galega”.


A señora García Díaz di que a moción é así, no seu conxunto. En relación coas preferentes, diríxese ó PP e di que eses datos que aportou que os traslade ás plataformas de afectados e que lles digan o moito que colabora o PP con eles.

A señora Iglesias Ferreira di que sería unha boa oportunidade votala por puntos, estarían de acordo en instar á Xunta, no marco das súas competencias, a realizar actuacións que favorezan a recapitalización de Novagalicia Banco, para que poida continuar cun proxecto autónomo, solvente, eficiente e galego; tamén estarían de acordo en instar á Xunta a demandar das institucións competentes unha solución para que os aforradores que suscribiron participacións preferentes poidan recuperar o máis pronto posible a totalidade dos seu aforros; tamén estarían de acordo en supervisar a viabilidade dunha obra social eficiente achegada e



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



realidade social de Galicia, así como solicitar ás institucións competentes a devolución das indemnizacións millonarias satisfeitas ós antigos directivos e que se destinaran á obra social. Sinala que é complicado votar coherentemente unha moción con tantos aspectos distintos.

O señor Español Otero di que o que acaba de ler a voceira o PP non coincide coa moción do BNG, sería cambiar o seu texto. Quere que conste en acta que se a moción se vota tal e como está, no seu conxunto, o GMS está totalmente de acordo cos puntos 3, 4, 5 e 6, e como non se admite a súa votación por separado, se van asbter.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sras. García Díaz e Estévez Álvarez (dous votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (doce abstencións).

(Sae a señora Vicente Santiago, 21:30)

RE 4.640 DO BNG: Contra as medidas económicas e reforma do réxime local do goberno do PP.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:

(Regresa a señora Vicente Santiago, 21:32).

” MOCIÓN CONTRA AS MEDIDAS ECONÓMICAS E REFORMA DO RÉXIME LOCAL DO GOBERNO DO PP

1-Exposición de motivos:

O Goberno central vén de anunciar unha reforma do réxime local, sen ter en conta nin a opinión das Comunidades Autónomas con competencias como é o caso de Galiza, nin tampouco dos axentes municipais a través das asociacións representativas do municipalismo.


Baixo o pretexto da crise, pretende impor unilateralmente un modelo centralista local, que impida calquera posibilidade de adaptar á realidade galega o réxime local, alén de limitar a autonomía dos concellos á hora de xestionar os seus servizos para potenciar o papel das deputacións provinciais. Incluso, como actuación fronte á crise, trátase dunha proposta de reforma condenada ao fracaso, pois nin actúa sobre as causas reais que provocan a asfixia no financiamento dos concellos, nin tampouco garante unha suficiencia de fondos para atender as competencias municipais e as crecentes necesidades que as veciñas e os veciños demandan dos concellos.

O obxectivo que se persigue coa reforma é reforzar unha estrutura institucional caduca e sen utilidade, como son as deputacións provinciais, pois as súas funcións, de querer



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



abordar unha reforma do mapa local con racionalidade, poderían ser asumidas polos concellos e pola Xunta de Galiza. A persistencia en manter e mesmo favorecer o modelo provincial, máis aínda cando existen restricións nos recursos económicos dos concellos para atender servizos e políticas sociais básicas, incide negativamente nunha xestión eficaz do diñeiro público, xa que obriga a manter estruturas burocráticas cuxa acción apenas repercute na veciñanza. Xa que logo, o realmente inaprazábel é suprimir as deputacións provinciais para que os concellos poidan dispor de máis fondos para atender directamente os servizos básicos que prestan, e tamén para que as políticas locais se coordinen a nivel galego a fin de garantir un acceso equitativo en todo o país.

Por outra banda, tamén se propón polo Goberno eliminar concelleiros e concelleiras, cando a súa incidencia no gasto público é ínfima tendo en conta que a maior parte dos cargos electos locais non perciben retribucións por adicación exclusiva. O que en realidade agocha esa proposta é unha tentativa de eliminación do pluralismo político, para reforzar no eido local un bipartidismo que está en crise, de impedir que forzas alternativas teñan voz e capacidade de decisión nos gobernos locais.

Tamén os concellos se vén afectados por medidas xa aprobadas, como é a redución salarial que de novo se aplica ás empregadas e empregados públicos, cando xa foron medidas ensaiadas con anterioridade que non contribuíron á recuperación económica senón que agravaron a situación de recesión por restar capacidade económica a un colectivo importante de persoas.

En suma, un conxunto de propostas cuxo obxectivo, máis que actuar contra a crise desde unha perspectiva social onde se favoreza ás persoas e colectivos máis afectados a través dunha redistribución da renda e da riqueza, inciden na liña de aproveitarse da crise para implantar o programa de máximos da dereita económica, inspirados no dogmatismo neoliberal, que en realidade procura manter os privilexios dos de sempre a costa de recortar dereitos das maiorías sociais.


2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

1. **Rexeitar as medidas de Reforma da Lei de Bases de Réxime Local adoptada polo goberno do PP no Estado, en canto invaden as competencias propias de Galiza, non solucionan a falla de financiamento que sofren os concellos galegos e atacan a autonomía municipal dos concellos de menos de 20.000 habitantes -amplísima maioría dos concellos galegos - potenciando ás deputacións provinciais.**
2. **Rexeitar a redución de número de concelleiros e concelleiras que se pretende por canto reduce o pluralismo político, a necesaria participación na xestión municipal e non significa aforro económico ningún por canto a inmensa maioría de concelleiras e concelleiros non perciben retribucións económicas.**
3. **Demandar a supresión das deputacións provinciais pasando as súas funcións a concellos e Xunta de Galiza, que conlevará un importante aforro económico e unha eficiencia na xestión.**



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



4. Manifestar a nosa oposición a cargar sobre as funcionarios e funcionarios públicos e especialmente sobre o funcionariado municipal a crise económica coa supresión da paga extra de nadal e sobre a cidadanía coa suba do IVE, co recorte nas prestación ao desemprego, medidas que conlevarán unha redución da capacidade adquisitiva e unha caída no consumo e na actividade económica que prexudicará gravemente ao comercio e á actividade económica local.

A señora Estévez Álvarez di que votarán a favor da moción, a modificación pretende minar o pluralismo político, potenciar ás Deputacións, cargando o peso da crise económica nos funcionarios. Di que o PP presume de democrático e logo potencia as Deputacións, que son a expresións de cargos políticos non elixidos polo voto popular dos cidadáns.


O señor Fontenla Martínez di que o PP considera necesaria a modificación, posto que a realidade actual non é a que tiñan antes, e recorda algunha moción que se presentou pola concelleira que acaba de intervir, na que se falaba da unión de Concellos, e agora non cre necesaria facer máis efectiva a Administración Local. En canto a que se carga contra os funcionarios, di que a crise económica teñen que solventala todos, non só funcionarios. En relación coas Deputacións, que non sexan de elección directa non significa que non se elixan polos votos dos cidadáns. En moitos pequenos Concellos a Deputación fai unha labor moi grande, cre que por iso e por moitas outras cousas, sobre todo por responsabilidade, e porque a día de hoxe a sociedade pide menos cargos políticos e máis axilidade na Administración, votarán en contra da moción.

Intervén o señor Español Otero e di que cre que o señor Fontenla Martínez non está convencido do que acaba de dicir, pois cre que ten vocación municipalista. Sinala que nos Concellos de menos de 20.000 habitantes a política desaparece como tal, se lles dará moito poder a persoas con alta cualificación, como ós Secretarios e Interventores, e aínda que lles aumentará o traballo e non lles subirán o soldo, non foron elixidos polos cidadáns. Hai un secuestro da política local, e os propios Alcaldes do PP se manifestaron en contra. Se está tratando de potenciar ás Deputacións, que son auténticos entes caciquís, que non cobran impostos e se nutren dos impostos cedidos do Estado español, para despois redistribuír os fondos entre os municipios con menos recursos, pero iso non se fai, pois o reparto se fai en función da cor política do Concello de que se trate. Explica que durante estes cinco anos a Deputación non lle deu ó Concello da Guarda nin un só euro máis di que lle corresponde por lei. Di que o señor Louzán veu a inaugurar ás rúas Ramón Sobrino e Mariano Ordóñez e catro asfaltados que se fixeron, e tiña que darlle vergoña, porque e daba a impresión que as rúas as regalara a Deputación, cando estaban incluídas nos Plans Provinciais que lles pertencen a todos os Concellos de maneira equitativa. Certamente a Deputación deu cartos ó Concello para a herba artificial do campo de fútbol e para o piso do pavillón, pero non era Alcalde naquel momento o señor Domínguez Freitas. Coa reforma se pretende potenciar isto aínda máis, e pregunta cómo se vai medir a capacidade e a calidade dos servizos, cre que haberá empresas detrás para privatizalos, e o cidadán estará cada vez máis lonxe de quen administra. Non pode admitir que dende arriba se lapide a política municipal, se pretende demonizar ós Concellos, cadno o porcentaxe de endebedamento dos Concellos é bastante menor que o das Comunidades Autónomas. Pregunta qué supón nun Concello como A Guarda que existan 12 ou 17 concelleiros.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



A señora García Díaz di que en Galicia, eliminando as Deputacións, se aforrarían 400 millóns de euros, e non lle sorprende que o PP alabe o papel das Deputacións, e senon, que lle pregunten a Baltar.

O señor Fontenla Martínez di que poden falar doutras moitas Deputacións, como Lugo. Di que el cre nos municipios, pero non cre que a redución do número de concelleiros socave a potencia do municipalismo. Pode estar de acordo en que as Deputacións teñan que cambiar nalgúns aspectos, pero non lle parece de recibo que o señor Español Otero fale do campo de fútbol, porque a herba artificial do campo de fútbol e o piso do pavillón eran necesarios naquel momento, se precisaban e foron requeridas polos equipos que xogaban alí, foi bo para o pobo, e o campo de fútbol non o conseguiu o señor Domínguez Freitas, pero si se inaugurou por el.

O señor Español Otero di que naquel momento era o Alcade da Guarda lexítimo, pero aquilo se fixo da noite á mañán, porque interesaba facelo, e dende que é Alcalde o señor Domínguez Freitas aquí non veu un só euro máis que aqueles que legalmente corresponden e non poden sacarnos. Eses cartos, que deberían ser administrados polo Concello da Guarda, son adxudicados pola Deputación e non crean nin un só posto de traballo na localidade.

O señor Fontenla Martínez di que tamén se fixeron actuacións criticables, como a reforma da Alameda, que foi executada de forma estrana, e a fonte non acaba de funcionar, e se trata duns cartos que xestionou o Concello, contestando o señor Español Otero que mentres o señor Fontenla Martínez si pode criticar a obra da Alameda, el nin sequera ten a oportunidade de controlar as obras que fai a Deputación.

Finalmente, o señor Alcalde quere aclarar que se el é invitado a un acto, ó que asiste algún Conselleiro, acude na súa condición de Alcalde.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (catro votos en contra).

RE 4.641 DO BNG: Moción para que a Xunta de Galiza revoque o acordo de supresión dos servizos que se prestan a través das oficinas liquidadoras de taxas e impostos.

A señora García Díaz da lectura da seguinte moción:


“MOCIÓN PARA QUE A XUNTA DE GALIZA REVOQUE O ACORDO DE SUPRESIÓN DOS SERVIZOS QUE SE PRESTAN A TRAVÉS DAS OFICINAS LIQUIDADORAS DE TAXAS E IMPOSTOS

I-Exposición de motivos:



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



As persoas titulares dos Rexistros da Propiedade das vilas e cabeceiras de comarca de Galiza, agás aqueles situados nas cidades da Coruña, Vigo, Lugo, Ourense, Pontevedra e Santiago, veñen de coñecer a intención da Xunta de Galiza de non proceder á renovación do convenio que expira o 31 de decembro deste ano, en virtude do cal estes prestaban os servizos, entre outros, de oficinas liquidadoras de diferentes taxas e impostos.

A través destas oficinas liquidadoras nos diferentes Rexistros da Propiedade veñen realizando todas as xestións relacionadas con sucesións, transmisións, actos xurídicos documentados, societarios, etc., ademais da correspondente liquidación das taxas e xestións como as relacionadas coa interposición de recursos de reposición, comprobación de valores, notificacións ou requirimentos ás persoas interesadas, entre outras.

Ademais a existencia nas mesmas de persoal especializado no ámbito do dereito civil, propiedade, etc. permite prestarlles ás persoas do ámbito de actuación no que se atopa o noso concello, servizos de información e asesoramento ao tempo que actúan como arquivos de documentos e escrituras privadas. Hai que ter en conta que en Galiza non hai tradición de escritura pública polo que resulta moi importante o labor de arquivo de escrituras privadas que veñen realizando estas oficinas, xa que arquivan un exemplar de cada documento privado que é obxecto dalgún trámite nesa oficina e queda alí para o futuro; podendo as persoas interesadas acudir en caso de extravío ou para futuras partillas de persoas herdeiras.

De proceder por parte do goberno da Xunta de Galiza á desaparición destas oficinas liquidadoras o Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarca pasarán a ser meros receptores, obrigando aos veciños e veciñas interesadas a acudir ás cidades antes citadas para realizar o resto dos trámites relacionados coa liquidación, ademais de perder o resto dos servizos que se lles viñan prestando.


Esta actuación supón un novo golpe de graza do goberno do PP á poboación que vive fóra dos grandes núcleos urbanos da nosa nación pois trátase dunha medida que priva de servizos cos que viñan contando as persoas que viven en vilas e aldeas do rural. Trátase dunha medida que vai claramente en contra do proceso de comarcalización dos servizos e do equilibrio territorial. O que vén demostrar o nulo interese do PP polo mantemento de poboación e actividade económica nas cabeceiras de comarca, nas vilas e nas aldeas, e o exercicio dunha política que priva á xente destes lugares de máis servizos, incrementando a súa dependencia das grandes cidades.

Levar a cabo unha decisión deste calibre supón menosprezar as características da poboación galega, tanto no que atinxe á súa dispersión, ás súas condicións socioeconómicas, ao seu envellecemento como aos grandes déficits de mobilidade que padece en gran parte do noso territorio, ao que debemos engadir outras decisións lesivas como a redución do mapa xudicial.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Esta nova medida do PP vai motivar a perda de arredor 150 postos de traballo en Galiza, postos de traballo cualificados e asentados en contornos sensíbeis como o medio rural, baixo o pretexto do aforro e a austeridade.

2- Por todo isto o BNG ven a pedir para que se adoite o seguinte ACORDO

Instar á Xunta de Galiza a revocar a súa determinación de suprimir as funcións de oficinas liquidadoras que se realizan a través dos Rexistro da Propiedade de vilas e cabeceiras de comarcas, e a que se renoven os convenios asinados até agora.”

A señora García Díaz di que a supresión deste servizo en Tui o alonxará dos cidadáns.

O señor Alcalde fai mención a un escrito remitido polo Alcalde de Tui neste sentido, e que lle foi trasladado ós grupos municipais.

A señora Estévez Álvarez di que votará a favor, o PP predica o acercamento ó cidadán, pero isto supón a perda de postos de traballo e que a xente teña que desprazarse a Vigo.

O señor Fontenla Martínez di que a non renovación do Convenio se fai coas oficiñas liquidadoras, non no ámbito do rexistro, e así, as taxas, salvo que non sexan por autoliquidación, terán que facerse por outros medios, que non implican necesariamente desprazarse a Vigo, hai medios telemáticos para liquidar as taxas. En relación cos postos de traballo, o obxectivo da Xunta é que sean cubertos por funcionarios especializados de carreira e non por persoal contratado directamente polo Rexistrador, sen exame nin titulación esixible. Di que están de acordo en non alonxar os servizos dos cidadáns, pero o aforro que supón a medidad sería pasar de nove a dous millóns e medio de euros. Entende que o Alcalde de Tui defenda o mantemento dese servizo para os seus veciños, pero dende o punto de vista do Concello da Guarda, pensa que eses cartos que se aforran poden destinarse á Vía de Alta Capacidade, e así tardar o mesmo en chegar a Tui que a Vigo.

O señor Español Otero di que votarán a favor.

Sometida a votación a moción foi aprobada co seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, Castro González, García Díaz e Estévez Álvarez (dez votos a favor).

ABSTENCIÓNS: Sres/as Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (catro abstencións).

RE 4.646 PP: Modificación da Ordenanza Fiscal de vados.


O señor Fontenla Martínez da lectura da seguinte moción:

“MOCIÓN: MODIFICACIÓN DE LA ORDENAZA FISCAL DE VADOS



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Después de los problemas surgidos tras las notificaciones del Concello a los vecinos, sobre todo de zonas rurales, y después de revisar de forma profunda la ordenanza reguladora de vados y reservas de aparcamiento, el Partido Popular considera necesario la revisión de dicha ordenanza con el fin de ejecutar sobre ella algunas modificaciones que la hagan más justa y clara.

Algunas de estas modificaciones sería, la separación de la reserva de aparcamiento y permiso de vado, considerando que ambas actuaciones no tiene no el mismo carácter jurídico ni la misma necesidad de tributación; así como también consideran ciertas excepciones a la norma que eviten un cobro indiscriminado de la misma, estableciendo varemos más claros y justos para los ciudadanos.

Por todo ello el Partido Popular de A Guarda propone al pleno la adopción de los siguientes acuerdos:

- 1. Solicitar al Grupo de Gobierno la paralización de todas estas medidas persuasorias, como el envío de cartas y otras, hasta la modificación de la ordenanza.**
- 2. Realizar de forma urgente una reunión de portavoces con el fin de dar forma a una nueva ordenanza que regule de forma clara y justa el servicio y/o derechos recogidos en la actual normativa.”**

O señor Fontenla Martínez di que o PP busca con esta moción dar unha solución ós problemas xurdidos coa aplicación máis dura desta Ordenanza, pois o equipo de goberno despois de cinco anos se da conta agora de que a Ordenanza non estaba sendo ben aplicada. Agora, cun maior control, é necesaria unha Ordenanza adaptada a realidade actual, máis xusta, clara e comprensible para os veciños. Entre os obxectivos que perseguen está delimitar os dereitos e obrigas, pois para eles non é o mesmo o vadeo e paso por encima dun elemento público, que pode sufrir un deterioro, que a reserva dun espazo público para aparcamento, que deben ser algo que o veciño solicite. Se trata de adecuar certos usos puntuais en labores non contínuas, e adaptar o tipo impositivo a cada unha das modalidades propostas.


A señora Estévez Álvarez di que non van entrar no debate, cren que se hai unha Ordenanza ten que cumprirse, pero se o texto ten erros haberá que subsanalos.

A señora García Díaz pregunta qué medios persuasorios se aplican, pois non os ven, se lles cobra ós veciños por ter unha porta e punto. Pensa que debe ser o Pleno quen decida a supresión do cobro indiscriminado, pois dende o BNG cren que deben pagar por reserva de aparcamento aquelas persoas que precisan que non se lles aparque diante da porta para poder entrar e saír dos seus garaxes, e que non se lle debe cobrar a ningún se non o solicita. Di que votarán a favor, pois non é contradictoria coa súa posición, o BNG leva tempo mantendo contacto cos veciños nesta cuestión. Sorprende que o PP presente esta moción cando o seu partido está fixando todo tipo de medidas recadatorias dende todas as Administracións nas que goberna. O GMS presentou unha medida coa que se cobra indiscriminadamente, como consecuencia dunha mala xestión, pero lles chama a atención que o PP se preocupe tanto por estas iniciativas nos sitios nos que non goberna.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Español Otero di que está desconcertado: explica que nun momento determinado, o equipo de goberno fixo unha investigación no padrón do auga, e detectou que había casas habitadas que non estabn dadas de alta, e se remitiron cartas ós propietarios, como medida xusta e equitativa. Se incorporaron arredor de 700 vivendas, e se fixeron uns tramos máis xustos. Logo tocoulle ós vados e sucedeu o mesmo, hai números nas mesmas rúas que non pagaban, e se encargou á Policía a investigación para saber se había vivendas con beirarrúas ou con delimitación de paso que tiveran un vadeado, o que supón que hai un rebaixe na mesma para facilitar a entrada de vehículos e carruaxes. Di que é mentira que se lle vaia a cobrar a ninguén por ter un portal na rúa. Están dispostos a ter unha reunión cos grupos municipais en setembro, pero quere aclarar que hai dous conceptos de cobro: vado, por deterioro da beirarrúa, e reserva de espazo para aparcamento ou para que non se aparque. Di que a medida que se estendan os servizos, se hai beirarrúas vadeadas para que entre un vehículo, deberán pagar. A Ordenanza foi aprobada polo PP, pero ninguén a cumpriu nin se lle cobrou a ninguén, agora se está actualizando, e insiste en que o concepto de cobro de vado é como consecuencia do deterioro da beirarrúa e porque o peón ten que parar cando saen os vehículos, e o segundo concepto é voluntario. Así, os tres requisitos son ter beirarrúa, que estea vadeada e ter un coche. O resto é desinformación, ofertan sentarse a partir de setembro e falar da Ordenanza, e se require melloras na redacción, se farán. Non chegou a entender todo o que se montou con isto, se contan cos dedos da man as reclamacións, e non se lles mandou carta ós que non cumprían os requisitos.

O señor Fontenla Martínez di que o obxectivo é clarificar unha Ordenanza, pois pensa que houbo desinformación á xente, cre que a fórmula é que as leis sexan comprensibles e xustas. Ata agora non había problemas porque non había unha aplicación exhaustiva, lle constan máis de trinta reclamacións entre xuño e xullo. Ofrece votala por puntos. O señor Español Otero di que o de paralizar o proceso non o comparten, agradecen que se poida votar por puntos, pois votarán a favor do segundo apartado.

Intervén a señora Magallanes Álvarez e di que en ningún caso pagan os veciños de modo incorrecto, coa carta remitida se informou e se deu posibilidade de alegar. Di que se fará unha segunda revisión, están nunha fase de alegacións, e se resolverán as alegacións, pero aínda non se liquidou.

Sometida a votación o punto primeiro da moción acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sres/as. Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago e García Díaz (cinco votos a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz , Vicente Baz, Crespo González, e Castro González (oito votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. Estévez Álvarez (unha abstención).


Non prospera.

Sometida a votación o punto segundo da moción foi aprobado por **UNANIMIDADE** dos membros presentes: **VOTOS A FAVOR:** Sres/as Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez,



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



Español Otero, Rodríguez González, Vicente Baz, Lomba Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez, Vicente Santiago, García Díaz e Estévez Álvarez (catorce votos a favor).

A señora Estévez Álvarez di que presentou unha moción por vía de urxencia, para que sexa tratada no Pleno.

O señor Español Otero di que non lles consta que o grupo municipal CONVERXENCIA GALEGA presentara ningunha moción de urxencia, senón que hai un escrito que se trasladou ós grupos municipais, presentado por CONVERXENCIA GALEGA asinado por un suposto responsable desa formación. Non consideran que sexa urxente, di que as mocións as presentan os representantes municipais no Pleno, e di que se acordan tratala, votarán en contra da urxencia, pois houbo tempo dende a celebración da Comisión de Asuntos Plenarios ata que se convocou o Pleno. Sinala que isto é esperpéntico, se presentan mocións asinadas por persoas que non son concelleiros, se presentan escritos asinados pola concelleira de CONVERXENCIA GALEGA que poñen outro nome baixo a sinatura, di que isto debe ser máis serio, debe ter nun pouco máis de ética neste sentido, hai unha concelleira de CONVERXENCIA GALEGA lexitimada para presentar as mocións e os escritos, non lles parece de recibo que se presenten por persoas que non son concelleiros, as mocións deben presentarse polos concelleiros elixidos democráticamente. Outra cousa é que ese señor se houbera dirixido ós grupos por se algún quixera asumila, pero non presentala en nome dun grupo municipal.

A señora Estévez Álvarez di que iso quere se o poña por escrito a Secretaria, porque entende que o presenta CONVERXENCIA GALEGA, e ela o asume, para iso é concelleira e toma ela o voto da moción. Di que eles entenden que é CONVERXENCIA GALEGA, asine ela ou asine o representante local, porque nese momento ela non está, o Réxime Local o entenden así.

Intervén a Secretaria e explica que as mocións son unha das formas de actuación que teñen os corporativos, e recorda que en moitas ocasións na Comisión de Asuntos Plenarios se falou do tema e se dixo que se alguén que non forma parte dun grupo municipal presenta unha moción, se lles coloca a todos os grupos nas súas bandeixas, e se algún grupo a quere asumir, o pode facer, insiste que se trata dun acordo ó que chegaron todos os grupos na Comisión de Asuntos Plenarios. Esta moción foi trasladada ós grupos, igual que se fai con outras mocións de formacións que non teñen representación, e se agora a moción é asumida pola concelleira, a defenderá ela, pero foi presentada por unha persoa que non é membro da Corporación.


A señora Estévez Álvarez di que é un partido que ten representación, contestando a señora Secretaria que aquí os partidos políticos non teñen representación, aquí están representados os grupos municipais, porque non é o mesmo partido político que grupo municipal, aínda que leven as mesmas siglas.

O señor Alcalde di que nos cinco días posteriores á celebración do primeiro Pleno se constitúen os grupos municipais, e aquí hai un grupo municipal, CONVERXENCIA GALEGA, que está integrado por un membro, que é a señora Estévez Álvarez, e non se trata dun partido político, pois por moi importantes que sexan os partidos, aquí hai grupos municipais, e fora diso



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



as regras son outras. Diríxese á señora Estévez Álvarez e di que con este proceder o que lle están facendo é un flaco favor, pero iso é unha cuestión de índole meramente persoal.

A señora Estévez Álvarez di que o que quere é que o deixen ben claro para actuar, neste caso ela ía asumir a moción, da igual que a asinase ela ou quen a asinou.

O señor Alcalde di que a concelleira pode asumir a moción agora e defender a urxencia, pero non entende que xurda aquí esta discusión, que non tiña que xurdir se as cousas se fixeran doutra maneira, pero iso o deberá discutir a concelleira con outras persoas.

O señor Español Otero di que acata o que se decida, pero non comparte o feito de que a asuma e vaia a defendela.

A señora Estévez Álvarez asume a moción presentada por CONVERXENCIA GALEGA con RE 4746 do 23 de xullo de 2012, e pasa a xustificar a urxencia, dicindo que é o momento de manifestar fronte ó goberno de Madrid a oposición fronte as medidas contra as administracións máis máis cercanas ós cidadáns, como é o caso da Entidade Local Menor de Camposancos.

O señor Fontenla Martínez di que xustifican que non votarán a favor, pois é un tema moi complexo e non teñen coñecemento, pide que se deixe sobre a mesa.

O señor Español Otero di que non vai aprobar a urxencia, pide por favor que se fagan as cousas ben, non custa nada facer as cousas ben. En relación coa moción, a posible desaparición das Entidades Locais Menores ten un calado que non é como para presentalo así.

Sometida a votación a urxencia da moción acadou o seguinte resultado:

VOTOS A FAVOR: Sra. Estévez Álvarez (un voto a favor).

VOTOS EN CONTRA: Sres/as. Domínguez Freitas, Magallanes Alvarez, Español Otero, Rodríguez González, Lomba Baz, Vicente Baz, Crespo González, Castro González, Iglesias Ferreira, Rodríguez Amenedo, Fontenla Martínez e Vicente Santiago (doce votos en contra).

ABSTENCIÓNS: Sra. García Díaz (unha abstención).

A urxencia non prospera.

(Sae a señora Iglesias Ferreira, 22:30 horas)

PUNTO 9.- ROGOS E PREGUNTAS.

ROGOS E PREGUNTAS DO BNG:


A señora García Díaz fai os seguintes rogos e preguntas:

1.- Pregunta pola Ordenanza de valados, se hai xa un borrador.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



O señor Alcalde di que houbo máis avances, pero aínda non está rematada.

2.- Pregunta polos pasos ou iniciativas para levar a cabo a apertura da rúa Baixo Muro.

O señor Alcalde contesta que despois do Pleno no que tratou o citado acordo mantiveron unha reunión cunha serie de concelleiros, e a pouca documentación da que se dispoñía se trasladou ós servicios de urbanismo para que emitiran informe se eran capaces de facelo.

3.- Pregunta polas medidas que se están tomando como consecuencia do constante estacionamento nas beirarrúas da rúa Galicia e Diego Antonio González, contestando o señor Alcalde que a Policía ten instrucións para facer cumprir a normativa e para que os coches non accedan ás beirarrúas, se ben están traballando noutras medidas, pero non está en condicións aínda de adiantalo.

(Regresa a señora Iglesias Ferreira, 22:32 horas).

4.- O pasado 1 de xuño se disputou a primeira bandeira robaleira de traíñas, e saben que se lles pediu que limparan os restos dunha fogueira de San Xoan, e non se fixo, o que deu unha imaxe lamentable. Pregunta qué impediu que non se adecentase a zona.

O señor Español Otero di que houbo un festivo local e non foron capaces, e pensa que é loable que os que a fixeron a fogueira contribuíran a limpalo, ó Concello lle houbera gustado facelo, pero non se puido.

5.- Pregunta se o Concello está lexitimado para cobrar vados en rúas que non son de titularidade municipal.

O señor Español Otero di que igual que sucede con Telefónica ou Fenosa, se ben, na reunión que terán en setembro se tratará esta cuestión, aínda que di que o dominio público da estrada é municipal.

6.- Pregunta canto se pensa recadar cos vados, contestando o señor Alcalde que a medida pretende universalizar un servizo e tratar por igual a todos, non ten afán recadatorio.

A señora García Díaz pregunta se as taxas non deberan estar no orzamento, contestando o señor Español Otero que non teñen por qué estar contempladas, posto que cabe que se aprobe unha taxa con posterioridade á aprobación do orzamento.

ROGOS E PREGUNTAS DO PP:

A señora Iglesias Ferreira fai os seguintes rogos e preguntas:


1.- Pregunta pola situación do PXOU, se existe algunha data prevista, contestando o señor Alcalde que a cruda realidade é que o tempo se bota encima e non quera facer máis previsións, os técnicos están perfilando o documento.

2.- Pregunta por un informe sobre a discoteca que solicitaron en marzo, contestando o señor Alcalde que lle responderá por escrito.



CONCELLO A GUARDA

(PONTEVEDRA)



3.- Roga o arranxo da farola de Manuel Álvarez, contestando o señor Español Otero que non se fixo, pero se fará.

4.- Insiste en facer referencia ó peche do Sinde Vello, pola rúa de atrás, está en mal estado a rede.

5.- Roga a limpeza da Praza de Salcidos, está nun estado lamentable, e os bancos están moi deteriorados.

O señor Español Otero di que ese será un dos traballos dos novos contratados, engadindo o señor Rodríguez González di que hoxe o xardineiro pasou por alí.

O señor Alcalde di que o feito de que as axudas e subvencións cheguen tan tarde retrasan a incorporación de novos traballadores.

A señora Iglesias Ferreira di que poderían incluílo no listado do contrato de mantemento de xardíns, contestando o señor Rodríguez González que a empresa dixo que ía hoxe por alí.

6.- Pregunta pola xustificación da subvención do Ministerio de Fomento, se houbo algún problema coa contía mínima a xustificar, contestado o señor Español Otero que o 1% cultural subvenciona un proxecto de posta en valor do Castelo de Santa Cruz, cun importe que ascendía a 1.034.000 euros, e na licitación houbo unha baixa no prezo, polo que se entendeu que a anualidade debía xustificarse de acordo coa baixo, o cal foi comunicado ó Ministerio de Fomento, que solicitou a aportación de máis certificacións, e foi subsanado.

7.- Pregunta por unha serie de facturas dun curso denominado Spread the Fire, contestando que se trata dunha convención de técnicos europeos de información xuvenil, que supón un custe cero para o Concello, houbo actos e reflexo, poden pedirlle á responsable da OMIX que lles explique en qué consistiu.

8.- Roga que se faga un control sobre o uso das farolas e do mobiliario urbán con publicidade, pois están saturadas.

O señor Español Otero diq eu están de acordo, é outra Ordenanza da que deberían falar, para diferenciar qué é mobiliario urbán e qué tipo de publicidade pode poñerse, pensa que é certo que debería regularse.

E non habendo máis asuntos que tratar, sendo á vinte e dúas horas e cincuenta minutos o Sr. Presidente levanta a sesión, de todo o que eu, como Secretaria, dou fe.

Visto e Prace
O Alcalde - Presidente,

A Secretaria,

José Manuel Domínguez Freitas

Julia María Carrasco González-Alegre